

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**, de 2 puntos, 4 puntos, 3 puntos y 1 punto, respectivamente. La primera y la cuarta, con respuesta única; la segunda y la tercera, con posibilidad de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. FILOSOFÍA Y FUNCIONES: ACTUALIDAD Y UTILIDAD. (2 puntos)**

Trabaja Usted como autor/a para una Web de divulgación de contenidos filosóficos llamada “pensando ayer para hoy”. El director de contenidos le remite unos fragmentos públicos de la siempre actual “Vindicación de los derechos de la mujer” para que Usted prepare una divulgativa disertación acerca de la actualidad de esta cuestión. Usted recuerda bien la filosofía contemporánea de **Simone de Beauvoir**, su concepción del “género”, del “segundo sexo” y sus claves sobre el feminismo, así como su célebre cita: «El feminismo es una forma de vivir individualmente y de luchar colectivamente». Relacione esto con el documento facilitado y elabore la **disertación** que le han pedido con el título: «**Feminismo: ¿segundo sexo?**». Extensión máxima: 20 líneas. **(2 puntos)**

**Documento: Vindicación de los derechos de la mujer (Mary Wollstonecraft):**

¡Hermanas mías, si realmente sois modestas, debéis recordar que la posesión de cualquier virtud es incompatible con la ignorancia y la vanidad! ¡Tenéis que adquirir esa sobriedad mental que solo inspira la ejecución de las obligaciones y la búsqueda de conocimiento, o permaneceréis en una situación dependiente de duda y solo se os amará mientras seáis hermosas! (...).

Pero para hacer a la mujer realmente virtuosa y útil, si cumple con sus deberes civiles, no debe carecer como individuo de la protección de las leyes civiles; no debe depender para su subsistencia de la liberalidad del marido mientras este viva, o de su apoyo una vez muerto, porque ¿cómo puede ser generoso un ser que no tiene nada propio, o ser virtuoso quien no es libre?

**PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN Y EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (4 puntos)**

**Responda uno de estos dos apartados:**

**2.1.** Lea detenidamente este texto referido a «Cosmos, realidad y conocimiento en Platón (del mito al logos)». Elabore un **comentario filosófico** explicando su contexto, tema central, ideas principales y conceptos clave. **(4 puntos)**

- Representátese hombres en una morada subterránea en forma de caverna, que tiene la entrada abierta, en toda su extensión, a la luz. En ella están desde niños con las piernas y el cuello encadenados, de modo que deben permanecer allí y mirar sólo delante de ellos, porque las cadenas les impiden girar en derredor la cabeza. Más arriba y más lejos se halla la luz de un fuego que brilla detrás de ellos; y entre el fuego y los prisioneros hay un camino más alto, junto al cual imagínate un tabique construido de lado a lado, como el biombo que los titiriteros levantan delante del público para mostrar, por encima del biombo, los muñecos.
- (...)
- Examina ahora el caso de una liberación de sus cadenas y de una curación de su ignorancia, qué pasaría si naturalmente les ocurriese esto: que uno de ellos fuera liberado y forzado a levantarse de repente, volver el cuello y marchar mirando a la luz y, al hacer todo esto, sufriera y a causa del encandilamiento fuera incapaz de percibir aquellas cosas cuyas sombras había visto antes. ¿Qué piensas que respondería si se le dijese que lo que había visto antes eran fruslerías y que ahora, en cambio, está más próximo a lo real, vuelto hacia cosas más reales y que mira correctamente? (...).
- (...)
- Pues bien, querido Glaucón, debemos aplicar íntegra esta alegoría a lo que anteriormente ha sido dicho, comparando la región que se manifiesta por medio de la vista con la morada-prisión, y la luz del fuego que hay en ella con el poder del sol; compara, por otro lado, el ascenso y la contemplación de las cosas de arriba con el camino del alma hacia el ámbito inteligible, y no te equivocarás en cuanto a lo que estoy esperando, y que es lo que deseas oír. Dios sabe si esto es realmente cierto; en todo caso, lo que a mí me parece es que lo que dentro de lo cognoscible se ve al final, y con dificultad, es la Idea del Bien. Una vez percibida, ha de concluirse que es la causa de todas las cosas rectas y bellas, que en el ámbito visible ha engendrado la luz y al señor de ésta, y que en el ámbito inteligible es señora y productora de la verdad y de la inteligencia, y que es necesario tenerla en vista para poder obrar con sabiduría tanto en lo privado como en lo público.

PLATÓN: *República*, Madrid, Gredos, 1986, Libro VII, 514a-517c (pp. 338-342).

**2.2.** Lea detenidamente este texto referido a «Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad». Elabore un **comentario filosófico** explicando su contexto, tema central, ideas principales y conceptos clave. **(4 puntos)**

Todos los razonamientos referentes a las cuestiones de hecho parecen estar fundados en la relación de causa y efecto. Por medio de esta singular relación superamos la evidencia de nuestra memoria y de nuestros sentidos. (...) Todos nuestros razonamientos con respecto a un hecho son de la misma naturaleza. Y, de este modo, se supone constantemente que hay alguna conexión entre el hecho presente y ese que se deduce de él. Si no hubiera nada que los relacionase, la inferencia sería del todo inexacta.

Por tanto, si deseamos llegar a algo satisfactorio en lo referente a la naturaleza de esa evidencia que nos ofrece confirmación de las cuestiones de hecho, debemos entonces indagar cómo llegamos al conocimiento de la causa y el efecto.

Me atrevo a sostener, a modo de proposición general que no admite excepción, que el conocimiento de esta relación no se logra, en ningún caso, mediante razonamientos a priori, sino que proviene enteramente de la experiencia, cuando encontramos que los objetos particulares están constantemente vinculados unos a otros.

Hume, D.: *Investigación sobre el conocimiento humano*, (Sección IV: Dudas escépticas acerca de las Operaciones del Entendimiento), Madrid, Biblioteca Nueva, 2002, (pp: 90-91)

### **PREGUNTA 3. APROXIMACIÓN A LA HISTORIA DE LA FILOSOFÍA. (3 puntos)**

**Responda uno de estos dos apartados:**

**3.1.** Teniendo en cuenta afirmaciones como: «Pienso, luego existo» o «supongamos que todas las cosas que veo son falsas», explique el problema fundamental en la cuestión: **«Descartes: el método científico y la evidencia del cogito»**. **(3 puntos)**

**3.2.** Teniendo en cuenta afirmaciones como: «el hombre es por naturaleza un animal social» o «que la justicia es el orden de la comunidad civil», explique el problema fundamental en la cuestión: **«Ética antirelativista y política en Aristóteles»**. **(3 puntos)**

### **PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)**

**Responda estos dos apartados:**

**4.1.** Discrimine en dos columnas los siguientes términos, atendiendo a los sistemas filosóficos que refieren: **(0,5 puntos)**

Poder legislativo / gobierno civil / Vitalismo / Nihilismo / contractualismo / superhombre / transvaloración.

**4.2.** Responda uno de estos dos subapartados:

**4.2.1.** Defina, en no más de tres líneas, el concepto: contractualismo. **(0,5 puntos)**

**4.2.2.** Defina, en no más de tres líneas, el concepto: vitalismo. **(0,5 puntos)**



**Filosofía: aprende a estructurar tus respuestas.**

selectividad.academy - 623 769 002

**HISTORIA DE LA FILOSOFÍA**

O exame consta de **4 preguntas obligatorias**, de 2 puntos, 4 puntos, 3 puntos e 1 punto, respectivamente. A primeira e a cuarta, con resposta única; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIÓNS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)**

Traballa Vostede como autor/a para unha Web de divulgación de contidos filosóficos chamada “pensando onte para hoxe”. O director de contidos remítelle uns fragmentos públicos da sempre actual “Vindicación dos dereitos da muller” para que Vostede prepare unha divulgativa disertación acerca da actualidade desta cuestión. Vostede lembra ben a filosofía contemporánea de **Simone de Beauvoir**, a súa concepción de “xénero” e do “segundo sexo” e as súas ideas sobre o feminismo, así como tamén a súa soada cita: «O feminismo é un xeito de vivir individualmente e de loitar colectivamente». Relacione isto co documento facilitado e faga a **disertación** que lle piden co título: «**Feminismo: segundo sexo?**». Extensión máxima: 20 liñas. **(2 puntos)**

**Documento: Vindicación dos dereitos da muller (Mary Wollstonecraft):**

Irmás, se de verdade sodes modestas, debes lembrar que posuír calquera virtude é incompatible coa ignorancia e a vaidade! ¡Tendes que adquirir a sobriedade mental que unicamente inspira o cumprimento das obrigas e a busca de coñecemento, porque do contrario permanecedes nunha situación dependente, de dúbida, e só seredes amadas mentres sigades fermosas! (...).

Mais, para facer a muller realmente virtuosa e útil, se cumpre cos seus deberes civís, non debe faltarlle como individuo a protección das leis civís; non debe depender para a súa subsistencia da liberalidade do marido mentres estea vivo, ou do seu apoio unha vez morto, porque, como pode ser xeneroso un ser que non ten nada de seu, ou ser virtuoso quen non é libre?

**PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (4 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**2.1.** Lea detidamente este texto referido a «Cosmos, realidade e coñecemento en Platón (do mito ao logos)». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(4 puntos)**

- Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna, cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz e imaxina que están alí dende nenos coas pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza. Máis lonxe a luz dun lume que arde máis arriba, detrás deles e entre o lume e os encadeados un camiño máis alto; e ao longo do camiño imaxina que foi construído un muro, como as cortinas que se levantan entre os monicrequeiros e o público, para amosar por encima delas os bonecos.

- (...)

- Considera, agora, que pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia e, se consonte á súa natureza, lles ocorrese isto: que un deles fose ceibado e obrigado de súpeto a levantarse, a volver o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras. Que cres que respondería se alguén lle dixese que ata entón só vira bagatelas e que agora, en cambio, máis próximo ao real e volto de cara a obxectos máis reais, mira máis correctamente? (...)

- (...)

- Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe debémola aplicar totalmente ao dito anteriormente; hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara a suba ao mundo de arriba e a contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír. Mais é a divindade a que sabe se isto é realmente verdade. O que a min me parece é que no mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento e que convén, pois, vela para poder proceder con sabedoría tanto na vida privada como pública.

PLATÓN: *República*, Libro VII, 514a-517c

**2.2.** Lea detidamente este texto referido a «Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(4 puntos)**

Todos os razoamentos referentes a materias de feito parecen estar fundados na relación de causa e efecto. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos (...). Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houberse nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. (...)

Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ao coñecemento da causa e do efecto.

Aventurarei a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos *a priori*, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

Hume, D.: *Investigación sobre o coñecemento humano*, (Sección IV: Dúvidas escépticas acerca das operacións do entendemento)

### **PREGUNTA 3. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**3.1.** Tendo en conta afirmacións como: «Penso, logo existo» ou «supoñamos que todas as cousas que vexo son falsas», explique o problema fundamental na cuestión: «**Descartes: o método científico e a evidencia do cogito**». **(3 puntos)**

**3.2.** Tendo en conta afirmacións como: «O home é por natureza un animal político» ou «que a xustiza é ordenación da comunidade política», explique o problema fundamental na cuestión: «**Ética antirelativista e política en Aristóteles**». **(3 puntos)**

### **PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)**

**Responda estes dous apartados:**

**4.1.** Discrimine en dúas columnas os seguintes conceptos, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren: **(0,5 puntos)**

Poder legislativo / goberno civil / Vitalismo / Nihilismo / contractualismo / superhumano / transvaloración.

**4.2.** Responda un destes dous subapartados:

**4.2.1.** Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: contractualismo. **(0,5 puntos)**

**4.2.2.** Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: vitalismo. **(0,5 puntos)**



**Guía completa en [selectividad.academy/guia-selectividad](https://selectividad.academy/guia-selectividad)**

Todo sobre la selectividad



# Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

## Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

**623 769 002**

Escríbenos por WhatsApp

[www.selectividad.academy](http://www.selectividad.academy)

→ Calcula tu nota en [selectividad.academy/calculadora-selectividad](http://selectividad.academy/calculadora-selectividad)

→ Guía completa en [selectividad.academy/guia-selectividad](http://selectividad.academy/guia-selectividad)

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso

Exámenes oficiales de selectividad recopilados por Selectividad Academy



# Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

## Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

**623 769 002**

Escríbenos por WhatsApp

[www.selectividad.academy](http://www.selectividad.academy)

→ Calcula tu nota en [selectividad.academy/calculadora-selectividad](http://selectividad.academy/calculadora-selectividad)

→ Guía completa en [selectividad.academy/guia-selectividad](http://selectividad.academy/guia-selectividad)

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso